



ADMINISTRACION
DE JUSTICIA



ADMINISTRACION
DE JUSTICIA

XDO. PRIMEIRA INSTANCIA N. 3 OURENSE

SENTENCIA: 00257/2021

-

[REDACTED]
[REDACTED]
[REDACTED]
[REDACTED]
[REDACTED]

OR5 ORDINARIO CONTRATACION-249.1.5 0000146 /2021-T

Procedimiento origen: /
Sobre RESTO.ACCIO.INDV.CONDIC.GNRLS.CONTRATACION
DEMANDANTE D/ña. [REDACTED]
Procurador/a Sr/a. [REDACTED]
Abogado/a Sr/a. AZUCENA NATALIA RODRIGUEZ PICALLO
DEMANDADO D/ña. ID FINANCE SPAIN SLU
Procurador/a Sr/a. [REDACTED]
Abogado/a Sr/a. [REDACTED]

Ilma. Sra. Dona [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED], Maxistrada Xuíz do Xulgado de 1ª Instancia número 3 de Ourense e do seu Partido Xudicial, dita a seguinte:

S E N T E N Z A

Ourense, 27 de setembro de 2021.

Vistos, por min, en audiencia pública, os presentes Autos de Xuízo Ordinario rexistrados co número indicado, sobre acción nulidade de varios contratos de préstamo por usurarios, subsidiaria acción de nulidade das cláusulas de intereses



remuneratorios e das cláusulas de penalización por impago e mora, seguido a instancia de: █████ █████ █████ con DNI █████ representado polo procurador Sr. █████ █████ e asistido pola letrada Sra. Dona Azucena Natalia Rodríguez Picallo substituída pola letrada Sra. Dona █████ █████ contra a entidade ID FINANCE SPAIN, S.L.U, con █████ █████, que compareceu representada polo procurador Sr. █████ █████ e asistido polo substituído pola letrada Sra. Dona █████ █████ █████, substituída pola letrada Sra. █████ █████, recae a presente con base nos seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. O presente procedemento ten a súa orixe na demanda presentada o día 10 de febreiro de 2021 polo procurador Sr. █████ █████, no nome e representación de █████ █████ █████, contra ID FINANCE SPAIN S.L.U., en exercicio da acción de nulidade de varios contratos de préstamo e subsidiaria de nulidade da cláusula de xuros remuneratorios e das cláusulas de penalización por mora e impago. Na que logo de expor os feitos e fundamentos de dereito que estimou en consideración rematou suplicando "Por lo expuesto

SUPLICO AL JUZGADO que teniendo por presentado este escrito con su copia y documentos respectivos que se acompañan, se sirva admitirlos y por formulada en nombre de Don █████ █████ █████ DEMANDA DE JUICIO ORDINARIO DE ACCIÓN INDIVIDUAL DE NULIDAD DE VARIOS CONTRATOS DE PRÉSTAMO Y SUBSIDIARIA ACCIÓN DE NULIDAD DE LAS CLÁUSULAS DE INTERESES REMUNERATORIOS Y DE LAS CLÁUSULAS DE PENALIZACIÓN POR IMPAGO Y MORA, contra la entidad demandada ID FINANCE SPAIN, S.L.U., para que previos los trámites legales pertinentes, se dicte sentencia en la que se estime íntegramente la Demanda acordando que:

1.- Con carácter principal, se declare la nulidad por usura de los siguientes contratos suscritos por el demandante con la mercantil ID FINANCE SPAIN, S.L.U.:



1. Contrato de préstamo n° [REDACTED], celebrado el 30 de octubre de 2.018.
2. Contrato de préstamo n° [REDACTED], celebrado el 27 de noviembre de 2.018.
3. Contrato de préstamo n° [REDACTED], celebrado el 22 de diciembre de 2.018.
4. Contrato de préstamo n° [REDACTED], celebrado el 28 de enero de 2.019.
5. Contrato de préstamo n° [REDACTED], celebrado el 26 de febrero de 2.019.
6. Contrato de préstamo n° [REDACTED], celebrado el 26 de abril de 2.019.

Condenando a la entidad demandada a restituir a Don [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] la suma de las cantidades percibidas en la vida de los préstamos que excedan del capital prestado, más los intereses legales devengados de dichas cantidades.

2.- Con carácter subsidiario al punto anterior, se declare:

- La nulidad por abusiva -por no superar ni el control de inclusión ni el de transparencia- de las cláusulas de intereses remuneratorios de todos y cada uno de los contratos de préstamo citados en el punto anterior, condenando a la demandada a restituir a Don [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] la totalidad de los intereses cobrados, más los intereses legales devengados de dichas cantidades.

- La nulidad por abusivas de las cláusulas de penalización por impago de todos y cada uno de los contratos de préstamo citados en el punto primero, condenando a la demandada a restituir a Don [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] la totalidad de las comisiones cobradas, más los intereses legales devengados de dichas cantidades.

- La nulidad por abusivas de las cláusulas del interés de demora de todos y cada uno de los contratos de préstamo citados en el punto primero, condenando a la demandada a restituir a Don [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] la totalidad de los intereses moratorios cobrados, más los intereses legales devengados de dichas cantidades.

3.- Se condene, en todo caso, a la demandada al pago de las costas procesales.." Axunta os seguintes documentos, segundo o seu propio índice:

♦ Como documento n° 1, Certificado de Inscripción de Apoderamiento Apud-Acta en el Archivo Electrónico de Apoderamientos Judiciales.

❖ Como documento nº 2, escrito de reclamación remitido mediante email certificado al Servicio de Atención al Cliente de ID FINANCE, S.L.U., de 15 de julio de 2.020.

❖ Como documento nº 3, email de 10 de agosto de 2.020 remitido por ID FINANCE, S.L.U., dando respuesta a la reclamación extrajudicial, con toda su documentación adjunta.

❖ Como documento nº 4, historiales de pagos de cada contrato extraídos por el demandante de su área cliente online de la entidad.

❖ Como documento nº 5, Web del Banco de España.

A anterior demanda resultou repartida a este Xulgado o día 17 de febreiro de 2021, atendidas as normas de reparto deste Partido Xudicial. A medio de Dilixencia de Ordenación do día 22 de febreiro de 2021 acordouse o rexistro da demanda presentada co número de autos arriba indicado e, apreciada a existencia de defectos procesuais emendables acordouse requirir ó procurador a emenda baixo apercibimento de arquivo.

Por Decreto do día 2 de marzo de 2021, examinada a competencia obxectiva e territorial e demais formalidades inherentes ó tipo de procedemento, acordouse admitir a trámite a demanda, considerando ó procurador Sr. ██████████ ██████████, na representación indicada, parte no procedemento e nos termos dos artigos 399, 405 e 496 da LAC, o emprazamento da parte demandada para comparecer e contestar á demanda no prazo de VINTE DÍAS hábiles baixo apercibimento de declaración de rebeldía.

O día 15 de marzo 2021 fíxose constar que o emprazamento da entidade demandada foi positivo nos termos do artigo 404 da LAC.

Segundo. En data de 13 de abril de 2021 o procurador Sr. ██████████ ██████████, no nome e representación de ID FINANCE SPAIN, SLU, presentou en tempo e forma escrito de contestación oposición á



demanda formulada na súa contra: excepción procesual en canto contía/ procedemento, subsidiariamente pola contía; sobre o fondo falta de requisitos de usura. Contestación na que logo de expor os feitos e fundamentos de dereito que estimou en consideración *"AL JUZGADO SUPlico: Que tenga por presentado este escrito con sus documentos adjuntos, se sirva admitirlo y unirlo a los autos de su razón y, en sus méritos, tenga por personado y parte al Procurador que suscribe entendiéndose con él las sucesivas diligencias, tenga por formulada CONTESTACIÓN A LA DEMANDA deducida contra mi representada por el Sr. [REDACTED] y, tras los trámites legales oportunos, se dicte en su día Sentencia donde, desestimando íntegramente la demanda, se absuelva a mi representada de todos los pedimentos formulados y se condene al actor al pago de las costas procesales"*.

Acompaña os seguintes documentos, conforme ó seu propio índice:

Doc.0 escritura procurador.

Doc.1 poder para preitos da letrada.

Doc.2 SAVSO.

Doc.3 PRESTAMO 10.

Doc.4 WONGA.

Doc.5 LUNA CREDIT.

Doc.6 TWINERO.

Doc.7 CASHPER.

Doc.8 Informe AEMIP.

Doc.9 Certificado AEMIP.

Doc.10 Sentenza 256/20, Xulgado 1ª Instancia 63 Madrid.

Doc.11 Sentenza 46/2021, Xulgado 1ª Instancia 1 Torrent.

Doc.12 Sentenza 48/2021, Xulgado 1ª Instancia 29 BCN.

Doc.13 Sentenza 73/2020 Xulgado 1ª Instancia 7 Donostia.

Doc.14 Sentenza 14/2021 Xulgado 1ª Instancia 51 Madrid.

Doc.15 Sentenza 1/2020 1ª Instancia 1 Zaragoza.

Doc.16 STS 44/2019, 23 xaneiro 2019.

Doc.17 Sentenza 255/2020, 1ª Instancia 12 de Bilbao.

Doc.18 Sentenza 387/2020, 1ª Instancia 3 Ibiza.

Doc.19 Sentenza 47/2021, 1ª Instancia 12 Bilbao.

Doc.20 Sentenza 284/2019, 1ª Instancia 17 Zaragoza.

A medio de Dilixencia de Ordenación do día 22 de abril de 2021 acordouse ter por comparecida á parte demandada e parte no procedemento, por contestada en tempo e forma a demanda, e nos termos do artigo 414 da LAC convocar ás partes para a celebración de Audiencia Previa o día 22 de setembro de 2021.

Terceiro. Ó acto de audiencia previa compareceron as partes na forma indicada no encabezamento da presente resolución. Aberto o acto e sen posibilidade de alcanzar un acordo,

Sobre a cuestión previa: inadecuación de procedemento. Demandante, aínda cando a posición procesual debera ser de recurso de reposición contra o Decreto de admisión pola contía, o procedemento ha de estimarse de contía indeterminada conforme ó disposto no artigo 251.1 e 253.3 da LAC. Polo que corresponden os trámites do xuízo ordinario, condicións xerais da contratación e por materia.

Resolveuse rexeitando a falta de inadecuación.

Parte demandada: nada que alegar, conformes.

Feitos controvertidos: Se o contrato é usurario.

Aberta fase de proba as partes só interesaron a documental xa aportada ós autos. A proba foi admitida e nos termos do artigo 429.8 da LAC abriuse fase de conclusións. En conclusións:



Demandante: dende o 27 setembro de 2018 até o 26 de abril de 2019, subscribíronse préstamos con TAE 3161% acreditado que non existe información do interese aplicable nin de aplicar o pago aprazado, lei usura aplicable e XP TS 25 novembro 2015 e 4 de marzo de 2020, calquera que sexa a TAE ou a media TDR supera calquera dos índices de referencia fixados polo BE, o TS tipos superiores ó 50%, intereses moi superiores. Finalmente en canto á pretensión subsidiaria STS 265/2015, 22 de abril, sobre penalizacións 566/2019. Por todo, reitera as peticións do escrito de demanda.

Demandada: TAE aplicado non somos entidade de crédito, do BE e por tanto non aparece nas listas desta entidade, senón co sector de empresas de micro préstamos e está dentro da media, non estamos ente un tipo revolving e polo tanto tampouco estamos ante este tipo de tarxeta e o cliente demandante é un cliente recorrente, pediu 7 préstamos, coñecía perfectamente o tipo de préstamos e a súa operativa.

O acto foi declarado conclusivo e os autos vistos para o ditado da presente.

Cuarto. No presente procedemento observáronse todas as formalidades e solemnidades legais inherentes ó tipo de procedemento.

FEITOS PROBADOS

Á vista da proba practicada, consistente na documenta achegada polas partes e enumerada nos antecedentes de feito primeiro e segundo da presente, decláranse feitos probados:

██████████ concertou, como consumidor, entre o 27 de setembro de 2018 e o 26 de abril de 2019, coa entidade ID FINANCE SPAIN, S.L.U, sete contratos de préstamos a curto prazo cunha TAE que oscilaba entre o 1.081,20% e o 3,161.56%:

1. Contrato de préstamo nº ██████████ celebrado o 27 de setembro de 2018, TAE 0,0%.
2. Contrato de préstamo nº ██████████, celebrado o 30 de outubro de 2.018, TAE 2,333.95%.
3. Contrato de préstamo nº ██████████, celebrado o 27 de novembro de 2.018, TAE 1,857.48%.
4. Contrato de préstamo nº ██████████, celebrado o 22 de decembro de 2.018, TAE 1,813.92%.
5. Contrato de préstamo nº ██████████, celebrado o 28 de xaneiro de 2.019, TAE 3,161.56%.
6. Contrato de préstamo nº ██████████, celebrado o 26 de febreiro de 2.019, TAE 3,112.62%.
7. Contrato de préstamo nº ██████████, celebrado o 26 de abril de 2.019, TAE 1,081.20%.

En todos os contratos se fixaba unha cláusula de penalización por reclamación de impago de 30 euros, agás no primeiro dos contratos (no que a TAE é do 0,0%) que se eleva a 60 euros.

De igual modo en todos os contratos se fixa unha cláusula e xuros de demora do 1,30% diario sobre o principal durante un máximo de 150 días.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Obxecto e pretensións. O obxecto do presente proceso, sometido a consideración xudicial, é o exercicio da acción de nulidade do contrato de tarxeta de crédito por usura na aplicación de xuros remuneratorios e subsidiaria primeira a



acción de nulidade da cláusula que regula o xuro remuneratorio por non superar o dobre control de inclusión e de transparencia, acción subsidiaria segunda de nulidade da comisión de reclamación de impagos, e a nulidade dos xuros de demora.

Toda vez que nos termos do artigo 216 da LAC os procedementos civís resolveranse atendendo ás pretensións suscitadas polas partes, en síntese, estas son:

A parte demandante exercita a acción de nulidade por xuros usurarios ó estimar que os xuros que afirma impostos, non pactados, ha de ser considerado usurario, atendido o importe TAE fixado. De forma subsidiaria, declaración de nulidade da cláusula de xuros, así como da cláusula de penalización por non pago e de demora.

A parte demandada oponse á reclamación, por canto no caso que nos ocupa o termo de comparación deberá ser o tipo de interese pactado en contratos de mini créditos e nese preciso mercado. Por tanto ha de compararse a TAE pactada coa TAE aplicada polas empresas do sector e principais competidoras, para poder valorar se no mercado no que se comercializan os minicréditos, a TAE aplicada é "notablemente superior" (Sentenzas do TS, Sala do Civil, Sección 1ª, Sentenza 406/2012 de 2018; AP de Barcelona, Sección 16ª, Sentenza 331/2013 de 11 de xuño; entre outras).

████████	1081,20%
████████	3112,64%
████████	3161,56%
████████	1813,92%
████████	1857,48%
████████	2333,95%

0,00%

Así para efectuar a comparativa achega, como documento 8 o informe da Asociación Española de Micro Préstamos (AEMIP) e como doc.9 o certificado emitido por aquela, no que se expoñen as condicións financeiras que rexen o mercado dos micro-préstamos e os tipos medios de ditos préstamos, onde a variación da TAE está entre 1917% e 3752%. Considera, por tanto, esta parte que a cuestión non é tanto si é excesivo ou non, como se é notablemente superior ó normal do diñeiro e desproporcionado coas circunstancias do caso.

De forma subsidiaria, alega que o demandante era perfecto coñecedor da operativa dos créditos, dado os que tiña solicitado e coñecía perfectamente o modo de proceder.

O obxecto de debate os xuros remuneratorios: usura e control de transparencia e de incorporación (condición xeral da contratación) das cláusulas de xuros remuneratorios, comisión por impago e xuros de demora.

Segundo. Encadre xurídico. Dada a cuestión xurídica que se somete a valoración, debemos facer os seguintes apuntamentos ó respecto:

Estamos ante os chamados "micropréstamos" que se conceden xeralmente por vía telemática, como no caso de autos, aínda que tamén de forma presencial, sendo estes últimos máis residuais. Son pequenas contías que se entregan de forma case inmediata, sen análise documental de solvencia ou é este moi rudimentario, e que obriga a unha devolución da contía prestada nun breve período de tempo, e cuns xuros ou honorarios do préstamo, moi elevados. Así no caso de autos, o demandante solicitou 7 micropréstamos que oscilan entre os 300 e os 700 euros, con prazos de devolución sobre dos 30 días, e



cunhas TAE 1081,20%; 3112,64%; 3161,56%; 1813,92%; 1857,48%; 2333,95%.



-Respecto da cuestión principal discutida: os xuros remuneratorios son o beneficio ou contrapartida pactada polas partes a prol do prestamista ou acredor por razón do capital prestado; e están previstos para o caso de cumprimento, aínda que iso non impide que sexan proporcionais atendendo ás circunstancias do contrato.

O artigo 1 da Lei de Represión da Usura, de 23 de xullo de 1908, tamén coñecida como Lei Azcárate, establece que *"Será nulo todo contrato de préstamo no que se estipulen uns xuros notablemente superiores ó normal do diñeiro e manifestamente desproporcionado coas circunstancias do caso ou en condicións tales que resulte aquel leonino, habendo motivos para estimar que foi aceptado polo prestatario a causa da súa situación angustiosa, da súa inexperiencia ou do limitado das súas facultades mentais.*

Será igualmente nulo o contrato en que se supoña recibida maior cantidade que a verdadeiramente entregada, calquera que sexan a súa entidade e circunstancias. Será tamén nula a renuncia do foro propio, dentro da poboación, feita polo debedor nesta clase de contratos".

A Lei de represión de usura configúrase como un límite á autonomía negocial do artigo 1255 do CC, aplicable ós préstamos, e, en xeral, a calquera operación de crédito, "sustancialmente equivalente" ó préstamo. -A xurisprudencia volveu á liña xurisprudencial inmediatamente anterior á promulgación da Lei de Represión da Usura, STS 628/2015, no sentido de non esixir que, para que un préstamo se considere usurario, deban concorrer todos os requisitos obxectivos e subxectivos previstos no artigo 1 da Lei. Basta que se dean os requisitos previstos no primeiro inciso do artigo 1, isto é, que se estipule un interese notablemente superior ó normal do diñeiro e manifestamente desproporcionado coas circunstancias do caso sen que se esixa acumuladamente "que ha sido aceptado

por el prestatario a causa de su situación angustiosa, de su inexperiencia o de lo limitado de sus facultades mentales".- "dado que conforme al art. 315, párrafo segundo, del Código de Comercio, "se reputará interés toda prestación pactada a favor del acreedor", a porcentaxe que se ha de tomar en consideración para determinar si o interese notablemente superior ó normal do diñeiro non é o nominal, senón a taxa anual equivalente (TAE), que se calcula tomando en consideración calquera pagos que o prestatario ha de realizar ó prestamista por razón do préstamo, conforme a uns estándares legalmente predeterminados. Este extremo é imprescindible (aínda que non suficiente por si solo) para que a cláusula que establece o interese remuneratorio poida ser considerada transparente, pois non só permite coñecer dun modo máis claro a carga onerosa que para o prestatario o acreditado supón realmente a operación, senón que ademais permite unha comparación fiable cos préstamos ofertados pola competencia (recollendo o contido da STS 628/2015). - "el interés con el que ha de realizarse la comparación es el "normal del dinero". No se trata, por tanto, de compararlo con el interés legal del dinero, sino con el interés " normal o habitual, en concurrencia con las circunstancias del caso y la libertad existente en esta materia " (sentencia núm. 869/2001, de 2 de octubre). Para establecer lo que se considera "interés normal" puede acudirse a las estadísticas que publica el Banco de España, tomando como base la información que mensualmente tienen que facilitarle las entidades de crédito sobre los tipos de interés que aplican a diversas modalidades de operaciones activas y pasivas (créditos y préstamos personales hasta un año y hasta tres años, hipotecarios a más de tres años, cuentas corrientes, cuentas de ahorro, cesiones temporales, etc.)". - "para que el préstamo pueda ser considerado usurario es necesario que, además de ser notablemente superior al normal del dinero, el interés estipulado sea "manifiestamente desproporcionado con las circunstancias del caso". Dado que la normalidad no precisa de especial prueba mientras que es la excepcionalidad la que necesita ser alegada y probada, incumbe a la entidad financiera justificar la concurrencia de circunstancias excepcionales que expliquen la estipulación de un interés notablemente superior al normal en las operaciones de crédito al consumo.- "Aunque las circunstancias concretas de un determinado préstamo, entre las que se encuentran el mayor riesgo para el prestamista que pueda derivarse de ser menores



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTIZIA

las garantías concertadas, puede justificar, desde el punto de vista de la aplicación de la ley de represión de la usura, un interés superior al que puede considerarse normal o medio en el mercado, como puede suceder en operaciones de crédito al consumo, no puede justificarse una elevación del tipo de interés tan desproporcionado en operaciones de financiación al consumo como la que ha tenido lugar en el caso objeto del recurso, sobre la base del riesgo derivado del alto nivel de impagos anudado a operaciones de crédito al consumo concedidas de un modo ágil y sin comprobar adecuadamente la capacidad de pago del prestatario, por cuanto que la concesión irresponsable de préstamos al consumo a tipos de interés muy superiores a los normales, que facilita el sobreendeudamiento de los consumidores y trae como consecuencia que quienes cumplen regularmente sus obligaciones tengan que cargar con las consecuencias del elevado nivel de impagos, no puede ser objeto de protección por el ordenamiento jurídico".

O Tribunal Supremo [Ts. 25 de novembro de 2015 (Roj: STS 4810/2015, recurso 2341/2013) de Pleno, 2 de decembro de 2014 (Roj: STS 5771/2014, recurso 389/2012), 18 de xuño de 2012 (Roj: STS 5966/2012, recurso 46/2010), 26 de outubro de 2011 (resolución 709/2011, en el recurso 1328/2008), 23 de novembro de 2009 (Roj: STS 7002/2009, recurso 1808/2005), 14 de xullo de 2009 (Roj: STS 4672/2009, recurso 325/2005), entre outras moitas] estableceu que para que un contrato poda declararse nulo por usura, conforme á Lei Azcárate, é preciso que se pactara un interese notablemente superior ó normal do diñeiro e manifestamente desproporcionado ás circunstancias do caso, debendo significarse que:

(a) Quen invoca o carácter usurario dun préstamo **debe acreditar cal era o interese normal do diñeiro** na época en que se concertou o contrato. Non basta con alegar que o interese é abusivo. Ten que probarse cal era o interese normal do diñeiro nesa época para ese tipo de contratos de financiación.

(b) O que debe terse en consideración **non é o valor absoluto** do tanto por cento do interese pactado, senón que debe **atenderse ás circunstancias en que se desenvolva o mercado monetario**. Un tipo de interese que nun determinado momento económico pode cualificarse de moi alto, en outro pode considerarse normal, ou incluso baixo. O termo de comparación é o tipo medio ó que se estaba prestando o diñeiro polas

entidades bancarias. Pero tampouco en forma absoluta, senón en situacións de risco crediticio similares. Así, non recibe o mesmo trato o cliente vinculado a un banco dende fai moitos anos, cunha clara solvencia patrimonial, que nun determinado momento necesita liquidez; que unha persoa que acode a dito banco por primeira vez buscando liquidez. Tampouco o tipo é igual para todos os tipos de préstamo, sendo evidente a diferenza cando a finalidade é a inversión e cando o fin é a adquisición de produtos de consumo. Incluso depende das garantías que se ofrecen.

(c) Sobre os parámetros de comparación de forma recente o Tribunal Supremo veu de analizar os xuros remuneratorios, sobre da súa usura, na Sentenza de 4 de marzo de 2020 (ROJ: STS 600/2020 - ECLI:ES:TS:2020:600) Sentenza: 149/2020 - Recurso: 4813/2019 Poñente: ██████████ ██████████ ██████████, se ben sobre os contratos revolving, na que se ven a confirmar a sentenza que declarou a nulidade dun contrato de crédito revolving mediante uso de tarxeta por considerar usurario o xuro remuneratorio (fixado no caso que analizaba nun 26,82% TAE e despois nun 27,24%) argumentando que o tipo de xuro normal do diñeiro que se ha de utilizar na consideración como usurario debe ser o xuro medio aplicable á categoría á que corresponda a operación cuestionada, e que no caso analizado sería o tipo medio aplicado ás operacións de crédito mediante tarxetas de crédito e revolving (+20%), segundo o Banco de España. Tamén se han de tomar en consideración as circunstancias concorrentes neste tipo de operacións de crédito, tales como: particulares sen acceso a outros tipos de crédito e peculiaridades (gravosas) do crédito revolving (debedor "cautivo"). De forma que o ordenamento non pode amparar a concesión irresponsable de créditos ó consumo, a



tipos de xuros moi superiores ó normal, por ser unha práctica que facilita o sobre endebedamento.



Esta Sentenza corrixe a doutrina fixada pola coñecida Sentenza 628/2015 do 25 de novembro, tamén do Pleno do Tribunal Supremo. A nova resolución fixa os seguintes criterios:

- a) O termo comparativo que ha de utilizarse como indicativo do interese normal do diñeiro, do que fala o artigo 1 da Lei de Represión da Usura, é o interese medio correspondente a unha categoría determinada.
- b) No caso das tarxetas revolving ha de acudirse ó tipo medio de tales operacións, non ó tipo medio das operacións do crédito ó consumo.
- c) O tipo medio das operacións revolving é de por si moi elevado.
- d) Segundo o TS un tipo medio algo superior ó 20% anual é xa moi elevado.
- e) Canto máis elevado sexa o índice a tomar como referencia, en calidade de interese normal do diñeiro menos marxe hai para incrementar o prezo da operación de crédito sen incorrer en usura.
- f) Neste tipo de operacións, no que o límite do crédito se vai recompoñendo constantemente, o prestatario pode converterse nun debedor cautivo, máxime cando os xuros e as comisións se capitalizan para devengar o interese remuneratorio.
- g) A concesión irresponsable de préstamos ó consumo a tipos de xuros moi superiores ós normais, que facilitan o sobre endebedamento dos consumidores, non pode ser obxecto de protección polo ordenamento xurídico. E

h) Unha elevación porcentual respecto do interese medio tomado como interese normal do diñeiro pode determinar o carácter usuario da operación se existe unha diferenza moi apreciable entre o tipo medio (algo superior ó 20%) e o interese fixado no contrato (o 26,82% no caso analizado polo Alto Tribunal), o que permite falar dun interese notablemente superior.

Conforme a isto, esta Sentenza do TS non resolve todo o problema, pois non delimita onde está a fronteira ou límite da usura.

Consecuentemente co exposto, obriga a comparar o interese pactado co "normal do diñeiro", non cos xuros legais. Isto concrétase co exame das estatísticas que publica o Banco de España, como consecuencia a súa obrigaón informativa (artigo 5 dos Estatutos do Sistema Europeo, de Bancos Centrais e do Banco Central Europeo) Circular 4/2002, do 25 de xuño. En segundo termo, se o interese é superior ó normal, a entidade bancaria ou financeira deberá probar as circunstancias excepcionais que soportan e lexitiman ese incremento dos tipos, por contra da normalidade que non precisaría de proba especial.

Nun estudo ou análise da aplicación por parte dos Tribunais a este respecto, resulta que unha das cuestións que máis dúbidas suscita as Audiencias Provinciais é o valor que se lle ha de dar ou de outorgar ás estatísticas do Banco de España, pois ben, o TS na Sentenza 628/2015 só alude a "desproporción per se y ausencia de explicaciones de la excepcionalidad", así como que o prestamista ha de participar no risco da súa decisión na medida en que unha concesión irresponsable de



préstamos facilite o sobre endebedamento dos consumidores, prexudicando coa elevación de xuros, ós que si cumpran, e conclúe o Alto Tribunal "no puede ser objeto de protección por el ordenamiento jurídico".

Sobre que as estatísticas do Banco de España (BE) non contemplen especificamente este tipo de préstamos, alegado pola parte demandada, en canto que non son entidades de crédito, non é óbice para valorar a súa condición ó tratarse de xuros aplicados a operacións de consumo, préstamos ó consumo, como así resulta da aquí estudada e parafraseada STS 628/2015, de Pleno que di: "3.- A partir de los primeros años cuarenta, la jurisprudencia de esta Sala volvió a la línea jurisprudencialmente posterior a la promulgación de la Ley de Represión de la Usura, en el sentido de no exigir que, para que un préstamo pudiera considerarse usurario, concurrieran todos los requisitos objetivos y subjetivos previstos en el art. 1 de la ley". (El subrayado es nuestro). Por eso, previamente ha distinguido el análisis del carácter usurario del correspondiente a las cláusulas abusivas: "2 .- El art. 315 del Código de Comercio establece el principio de libertad de la tasa de interés, que en el ámbito reglamentario desarrollaron la Orden Ministerial de 17 de enero de 1981, vigente cuando se concertó el contrato entre las partes, y actualmente el art. 4.1 orden EHA/2899/2011, de 28 de octubre, de transparencia y protección del cliente de servicios bancarios. Mientras que el interés de demora fijado en una cláusula no negociada en un contrato concertado con un consumidor puede ser objeto de control de contenido y ser declarado abusivo si supone una indemnización desproporcionadamente alta al consumidor que no cumpla con sus obligaciones, como declaramos en las sentencias núm. 265/2015, de 22 de abril , y 469/2015, de 8 de septiembre , la normativa sobre cláusulas abusivas en contratos concertados con consumidores no permite el control del carácter "abusivo" del tipo de interés remuneratorio en tanto que la cláusula en que se establece tal interés regula un elemento esencial del contrato, como es el precio del servicio, siempre que cumpla el requisito de transparencia, que es fundamental para asegurar, en primer lugar, que la prestación del consentimiento se ha realizado por el consumidor con pleno conocimiento de la carga onerosa que la concertación de la operación de crédito le supone

y, en segundo lugar, que ha podido comparar las distintas ofertas de las entidades de crédito para elegir, entre ellas, la que le resulta más favorable.”

Terceiro. Contrato de autos. Valoración. Os contratos que se someten a valoración son contratos formalizados vía on line, a través da plataforma que a entidade prestamista pon a disposición do cliente, no que se cumprimenta un formulario previamente impreso. De forma totalmente estereotipada e predisposta achéganse as condicións xerais.

Resumindo as premisas contidas nas sentenzas do Tribunal Supremo de 25 de novembro de 2015 e 4 de marzo de 2020:

1) Para que a operación crediticia poida ser considerada usuraria, basta con que se dean os requisitos previstos no primeiro inciso do artigo 1 da Lei de Usura, *«que se estipule un interés notablemente superior al normal del dinero y manifiestamente desproporcionado con las circunstancias del caso»*, polo que a determinación do carácter usurario obxectívase ó non ser preciso que se esixa de forma acumulada *«que ha sido aceptado por el prestatario a causa de su situación angustiosa, de su inexperiencia o de lo limitado de sus facultades mentales»*.

2) Conforme ó artigo 315, parágrafo segundo, do Código de Comercio, *«se reputará interés toda prestación pactada a favor del acreedor»*, a porcentaxe que ha de tomarse en consideración é a taxa anual equivalente (TAE).

3) Para determinar usuraria, o xuro ha de compararse co “normal do diñeiro”. Para establecer o que se considera normal estatísticas do Banco de España, tomando como base a información que mensualmente ten que facilitarlle as entidades



de crédito sobre os tipos de interese que aplican a diversas modalidades de operacións activas e pasivas, sen que se poida validar no ordenamento xurídico prácticas que tenden a un sobre endebedamento do consumidor, como sería a pretensión da parte demandada (documentos 8 e 9 da súa contestación) coa aplicación dun sector paralelo de micro créditos.

3º) Corresponde ó prestamista a carga de probar a concorrencia de circunstancias excepcionais que xustifiquen a estipulación dun interese notablemente superior ó normal nas operacións de crédito ó consumo, como é no caso que nos ocupa. Sen que, novamente, sirva de xustificación a existencia dun sector de micro créditos que non se considera suxeito á normativa de préstamos ó consumo.

4º) Non se poden considerar circunstancias excepcionais que xustifiquen un interese notablemente superior ó normal do diñeiro o risco derivado do alto nivel de non pagos unido a operacións de crédito ó consumo concedidas dun modo áxil e sen comprobar de forma adecuada a capacidade de pago

Do prestatario, por canto que a concesión irresponsable de préstamos ó consumo a tipos de interese moi superiores ós normais, que facilitan o sobre endebedamento dos consumidores, tal e como vimos reiterando, en verbas do Alto Tribunal, trae como consecuencia teñan que cargar coas consecuencias do elevado nivel de impagos, e non pode ser obxecto de protección polo ordenamento xurídico.

Y, 5º), finalmente, conforme á Sentenza do ano 2020 do TS a referencia a empregar para o "interese normal do diñeiro" ha de ser o tipo medio de interese no momento de celebración do contrato coa categoría á que corresponda a operación crediticia. E se existen categorías máis específicas dentro de

outras máis amplas, deberá utilizarse esa categoría máis específica, atendidas: duración do crédito, importe, finalidade, medios a través de los cales o debedor pode dispor do crédito, garantías, facilidade de reclamación en caso de impago, etc.), pois iso é o que conforme a TAE.

A partir dos criterios expostos, aínda acudindo ós tipos máis elevados de préstamo ó consumo que recollen as estatísticas do Banco de España, concretamente para as tarxetas de crédito con modalidade revolving, estaríamos en torno a un 19 a 21% , declarando a ST. 149/2020, de 4 de marzo usurario un 26,82%, razoando non que considere ou non excesivo (como indicou a parte demandada), senón que sexa notablemente superior ó normal do diñeiro.

No caso que nos ocupa, seis préstamos (porque o primeiro deles, curiosamente, presenta unha TAE 0,00%), as TAE son claramente exorbitantes. As explicacións ofrecidas, en síntese, o breve período de tempo, non esixencia de solvencia que ante unha entidade de crédito frustraría as expectativas do consumidor de obter o préstamo, e alta probabilidade de non pago, non son explicacións da natureza exorbitada, extraordinaria, ou incluso nun 3,161.56% extravagante dos xuros. Como se ven reiterando nesta resolución, a concesión irresponsable de préstamos ó consumo nestas condicións, facilitando ese endebedamento excesivo, non pode ser obxecto de protección xurídica.

Sobre dos argumentos da parte demandada, non poden ser acollidos: así sostén que dentro do principio de especificidade que proclama o TS na sentenza de 2020, debe acudirse á categoría de préstamos rápidos e que os pactados no sector non se separan da media dos que aquí se valoran. O



certo é que non se poden dar por probados eses xuros medios limitándose a sinalar o aplicado por outras entidades e a achegar un certificado expedido por una Asociación Española de micro préstamos. Polo que han de valorarse, a comparativa ha de realizarse cos préstamos de consumo, que é a finalidade dos préstamos concedidos. Sendo así a comparativa, non discute tampouco a parte demandada a superación incluso ó 50% dos xuros que se valoran respecto dos tipos medios comparados.

Finalmente, en canto a que o demandante sexa un cliente habitual de micro préstamos, e que puidera esta afectar á comprensión real da carga económica e xurídica que asumía, sitúanos no control de transparencia dunha condición xeral da contratación (valoración da pretensión subsidiaria), máis non na cualificación duns xuros remuneratorios como notablemente superiores ó normal do diñeiro e manifestamente desproporcionados. En todo caso, a reiteración demostraría, precisamente polos altos xuros pagados, a situación de necesidade do prestatario, incapaz de acudir a outros medios de financiación con prezos moi inferiores. Por tanto, tal argumento non é óbice á decisión favorable á consideración dos contratos formalizados e sometidos a consideración como usurarios, e por tanto á súa nulidade.

Cuarto. Sobre as pretensións subsidiarias. Estimada a pretensión principal obsta entrar as pretensións subsidiarias primeira e segunda, por máis que, como se indicou en razoamentos previos, a información sobre a carga económica son máis que dúbidasas (ausentes).

Quinto. Xuros. Reclama os xuros legais devengados, por tanto os do artigo 576 da LAC. Han de imporse na forma interesada.

Sétimo. Custas procesuais. No relativo as custas procesuais, o artigo 394 da Lei de Axuizamento Civil establece, como se sopra é coñecido, o principio de vencemento obxectivo; han de imporse ó resultar vencida a parte demandada.

Vistos os preceptos legais aplicados e os demais de xeneral e pertinente aplicación, polo exposto e pola autoridade que a este Xulgado lle outorga a Constitución española e demais disposicións legais vixentes, no nome da S.M.:

D E C I D O

ACOLLER a demanda presentada por █████ █████ █████ con DNI █████ representado polo procurador Sr. █████ **contra** a entidade ID FINANCE SPAIN, S.L.U, con CIF B-█████, que compareceu representada polo procurador Sr. █████ e, en consecuencia, **debo declarar e declaro nulos por usurarios os seguintes contratos:**

1. Contrato de préstamo nº █████, celebrado o 30 de outubro de 2.018, TAE 2,333.95%.

2. Contrato de préstamo nº █████, celebrado o 27 de novembro de 2.018, TAE 1,857.48%.

3. Contrato de préstamo nº █████, celebrado o 22 de decembro de 2.018, TAE 1,813.92%.

4. Contrato de préstamo nº █████, celebrado o 28 de xaneiro de 2.019, TAE 3,161.56%.

5. Contrato de préstamo nº █████, celebrado o 26 de febreiro de 2.019, TAE 3,112.62%.



6. Contrato de préstamo nº [REDACTED], celebrado o 26 de abril de 2.019, TAE 1,081.20%.



, consecuentemente **debo condenar e condeno á demandada a restituír a [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] a suma das cantidades percibidas na vida dos préstamos que excedan do capital prestado, máis os intereses legais de ditas cantidades.**

Todo iso coa imposición das custas á parte demandada.

Notifíquesele a presente resolución ás partes facéndolles saber que na súa contra cabe **RECURSO DE APELACIÓN** a interpor nun prazo de VINTE DÍAS HÁBILES a contar dende o seguinte á notificación da presente resolución, para o seu coñecemento pola Iltre. AP de Ourense.

Líbrese testemuño da presente resolución para a súa unión aos autos principais, levándose o orixinal ao libro de Sentenzas deste Xulgado.

Así o pronuncio, mando e asino.

A MAXISTRADA-XUÍZA

[REDACTED]

[REDACTED]

[REDACTED]

[REDACTED]